

AUTORES, INTÉRPRETES E TRADICIÓN MANUSCRITA

1. O LECER

A aristocracia, certamente a clase social con máis posibilidades para o lecer, divertiuse na Idade Media de diversos modos:


- **A caza**, xa a través da montaría, persecución a cabalo dos animais ou da cetraría, coa utilización das aves de rapina domesticadas.



- **Xogos de guerra:** A arte de cabalgar, o torneo, os xogos de espadas eran tamén distraccións moi queridas pero só eran practicables en determinadas estacións do ano.

Polo tanto para os días máis desapacibles cumpría algún pasatempo de salón:

- **Xogos de salón:** O xadrez era o xogo preferido aínda que podían xogar aos dados e mesmo acudir ás *tavolagens* (casas de xogo onde podían procurar tamén prostitutas)



- **O torneo de amor:** Xorde na Aquitania, Francia, unha nova moda formada por unha sociedade máis avanzada. Os nobres prefiren as reunións de salón ás actividades máis rudas: torneos, caza... (que seguían a practicar). Dulcificanse os costumes e a muller adquire unha gran relevancia. Nacen así os *xogos de amor*: aquel que consiga dicir o mellor namoro será o máis brillante cabaleiro, o máis digno de loanza e admiración.



2. OS POETAS MEDIEVAIS

Hai quen confunde as palabras xograr, trovador menestrel e segrel, designando igualmente o poeta medieval, pero existe diferenza entre eles.

Na Idade Media, cada rei tiña o seu “bobo da corte”, cuxa actividade principal era divertir a nobreza. Para iso, debería cantar, tocar instrumentos – principalmente a viola e o laúde – e facer acrobacias.


A. Xograr: a denominación procede do latín “*iocularis*” que significa “gracioso, ridículo”. Esta voz latina designaba desde o século VII a persoa que divertía ao rei, aos nobres ou ao pobo en xeral. Polo



tanto, nun principio, eran xogrades todos aqueles que se gañaban a vida actuando cun espectáculo ante un público xa fose con música, versos, acrobacias, mimo, charlatanerías ou xogos de mans. É moi probable que os xogrades se especializasen segundo as súas habilidades.

Eran itinerantes e podían actuar tanto nas prazas públicas como nas cortes ou castelos.


Recibido ao principio como un simple mensaxeiro da alegría e da gracia, pouco a pouco vai ir entrando como parte do luxo cortesán. As ocasións nas que a súa presenza se facía obrigada eran numerosas: o regreso da guerra, o recibimento dun estranxeiro, unha voda, un bautizo, un banquete...



Exceptuando as críticas da Igrexa á que lle parecían escandalosos os espectáculos dos xogrades, estes gozaban de plena aceptación na sociedade da súa época.



Pero máis frecuente que divertir nas cortes señoriais era velos viaxando dun sitio para outro e requirindo un público variado do que recibía diñeiro, víveres ou roupa e en ocasións a hospitalidade de alguén.





Posteriormente, cando no século XI xurdan en Aquitania os trobadores, os xograres van mellorar as súas condicións e serán algo máis que simples bufóns vagabundos. Non eran poetas nin compositores no sentido actual, senón “versionadores” das cantigas compostas por trobadores ou extraídas do dominio popular, alterando ou creando as propias versións á medida que ían de terra en terra. A miúdo mesmo van compoñer os seus propios versos polo que serán criticados polos trobadores, que vían invadir a nobre arte da composición

poética por uns intrusos dunha clase social inferior:



Como ousa ningún plebeo compoñer versos, sublime arte só ao alcance dun nobre señor!!!

Estes xograres-compositores comezarán primeiro a compoñer cantigas de amigo e atreveranse despois coa canción trobadoresca. Fose autor, intérprete ou ambas as dúas cousas, o xograr facía negocio do seu oficio, e obtiña algún tipo de compensación en forma de diñeiro, víveres, roupa ou aloxamento.

Os cancioneros conservaron a obra de ata 36 xograres entre os que destacan os nomes de: Mendinho, Johan Airas de Santiago, Bernal de Bonaval, Lopo, Martín Códax...

B. Trobador: De regreso da 1ª cruzada Guillerme IX de Aquitania comeza a escribir poemas en lingua provenzal, versos sensuais cos que celebraba a beleza feminina, os praceres da carne e o amor. Pronto a corte do duque Guillerme comeza a facerse famosa en Europa por esta nova tendencia literaria. Nace con el a lírica trobadoresca. A partir de entón, século XI, a aristocracia transforma os seus comediantes palacianos en músicos especialistas e pasa a compoñer para que os servos poidan interpretar. É o xurdimento dos trobadores. O trobadorismo é, por tanto, un movemento profano poético-musical de elite (ser trobador era un símbolo de poder político) xorde por imitación dos xograres.

A palabra procede de *trobar* que viña do latín *tropus* que era o nome de certas composicións melódicas no canto litúrxico.



Guillerme IX de Aquitania



Na Idade Media o trovador que era o que compoñía versos na lingua provenzal xurdiu como contrapunto do poeta, que era aquel que compoñía versos en latín. Despois estendeuse este nome a todas as linguas romances.

Na lírica galego-portuguesa trovador sería todo aquel que é capaz de compoñer as súas propias cantigas e que é de condición nobre. Diferenciábanse, pois, dos xogares en que trobaban por puro pracer e non por “pedir don”. Destacan Afonso X, Don Dinis, Airas Núñez e Fernando Esquío.

C. Segrel: A palabra deriva do latín *saeculum*, ten a mesma procedencia que a palabra *segrar*.

Establecía unha clase intermedia entre o xogar e o trovador. Compartía cos xogares o feito de ser un artista profesional que cobraba un soldo e ser ambulante. Cos trovadores compartía, en cambio, o feito de pertencer á nobreza, se ben no caso do segrel era esta unha baixa nobreza, a dos fidalgos e escudeiros. Como non tiña medios para aspirar ao estado cabaleiresco buscaba na poesía un medio de vida, viaxando de corte en corte ou acompañando aos exércitos dun cabaleiro ou do rei. Era un artista que estaba instruído e consecuentemente era capaz de producir as súas propias cantigas e non precisaba executar as alleas, así que tamén era compositor como un trovador.

Cómpre finalmente sinalar, que ao parecer, só existiu soamente na escola galego-portuguesa. Pero da Ponte, que permaneceu un tempo na corte de Afonso X, foi un dos segreis máis afamados.



D. Soldadeiras: Eran as artistas que actuaban nas festas cortesanas. Nas miniaturas do *Cancioneiro de Ajuda* aparecen danzando, cantando ou tocando as castañolas ou pandeiro mentres acompañan a un xograr que tanxe a viola ou o laúde. Recibían o nome de soldadeiras porque percibían pagamento, soldada. A sociedade da época acusábaas de prostituírsese.

A máis sonada de todas foi María, a Balteira, da que temos noticia polas cantigas satíricas que lle dedican ata dez trovadores. Por eles coñecemos unha muller paradigma de todos os vicios e transgresións que a moral da época condenaba.


3. OS CANCEIROS MEDIEVAIS

Os libros eran un privilexio dos pouquiños afortunados que sabían ler e podían compralos, pois, por seren copiados a man, eran rarísimos e tamén moi caros.


No período trobadoresco, as poesías facíanse para seren **cantadas** ao son de instrumentos musicais, como a frauta, a viola, o laúde,... de aí o nome "**cantigas**". As cantigas podían ser relixiosas (conservadas nos chamados "códices") ou profanas.



Só a partir do final do século XIII, as cantigas profanas foron copiadas e coleccionadas en manuscritos chamados "cancioneiros". Os cancioneiros da época son escolmas dos tres xéneros maiores do lirismo trobadoresco galaico-portugués: cantigas de amigo, cantigas de amor, e cantigas de burlas.



Tres son os cancioneiros principais que recollen as composicións da lírica galego-portuguesa que se desenvolveu na Idade Media, fundamentalmente entre os séculos XII e XIV. Deles o máis antigo é o *Cancioneiro de Ajuda*, compilado posiblemente cara a 1280. Os outros dous son copias moito máis tardías. Trátase do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa* e o *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana*. No total chegaron ata nós cerca de 1680 cantigas profanas ou de corte.



A. TRES MOSTRAS DE CANCIONEIROS E PERGAMIÑOS MEDIEVAIS

1. O Cancioneiro da Ajuda

É unha colección de poesías escritas en galego-portugués datada ao final do século XIII, influenciadas pola lírica provenzal.

Recibe o seu nome por se conservar na biblioteca do Palacio Nacional da Ajuda, en Lisboa.



Palacio de Ajuda de Lisboa

É un códice de pergamino escrito por unha soa persoa en escrita gótica con miniaturas que quedou incompleto: terminaron as miniaturas nin se copiou a música — para a cal hai un espazo reservado abaixo dos versos da primeira estrofa de cada cantiga.

Trátase dunha colección que posúe 310 composicións poéticas, todas cantigas de amor.



Cancioneiro de Ajuda - Folio 15

Cantigas:

Pois nom hei de Dona Elvira
Nunca tam coitad'home por molher

Afonso X



Dos tres cancioneros conservados ata hoxe, este, é o menos completo, porque apenas abrangue composicións anteriores á morte de Afonso X, excluindo, por exemplo a vasta produción de D. Dinis. Isto débese a que o seu coleccionista exclúe os xéneros máis vulgares, isto é, as cantigas de amigo e as de escarnio ou de maldicir. Pero ten a vantaxe de que o manuscrito pertence á época da maioría dos poetas colaboradores, e é un documento valioso pola grafía, pola decoración e polas miniaturas, que testemuñan o carácter cantado e instrumental, aínda que aparezan en branco os espazos destinados á notación musical, entre outros sinais de estar inacabado.


Don Dinis



2. O Pergamiño Vindel

Un pergamiño da segunda metade do século XIII, atopado como forro dun código do século XIV nunha obra de Cicerón polo libreiro madrileño Pedro Vindel. Trátase, probablemente, da folla solta dun cancionero descoñecido ou dunha folla voandeira das que os xograres utilizaban para transcribir o seu repertorio. Xunto co Pergamiño Sharrer é un dos dous únicos documentos musicais con cancións profanas coñecido na actualidade da literatura galego-portuguesa medieval.

O manuscrito contén o texto de sete cantigas de amigo atribuídas a Martín Códax, acompañado da música de seis delas en notación cadrada.



Ondas do mar de Vigo...



Polo tipo de letra e de notación musical, ambos moi próximos á das Cantigas de Santa María, podemos supor unha data de elaboración do pergamiño nas décadas finais do século XIII.

3. O Pergamiño Sharrer

O pergamiño Sharrer foi o último documento da lírica profana en ser localizado; o seu descubrimento tivo lugar no ano 1990 da man do profesor Harvey L. Sharrer quen o identificou como forro doutra obra, e crese que pode ser un fragmento do *Livro das trovas de el-Rei Don Dinis*, hoxe perdido.

Este pergamiño, coñecido tamén polo nome de Manuscrito da Torre do Tombo – foi encontrado e consérvase no Arquivo Nacional da Torre do Tombo, en Lisboa, data de finais do século XIII ou de comezos do XIV e contén sete das cantigas de amor de Don Dinis coa súa notación musical




Arquivo Nacional da Torre do Tombo, Lisboa

B. “A ARTE DE TROVAR”

Nas páxinas iniciais do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa* atópase un texto coñecido comunmente como “Arte de Trovar”. É un breve tratado anónimo no que se explica todo o referente a arte de compoñer versos seguindo as regras da poesía trobadoresca. Defínense os xéneros e as regras que deberían seguir os trobadores para compoñer. Aparece truncado nos seus capítulos iniciais e presenta moitas lagoas ou pasaxes de difícil lectura.


Exemplo

“Cantigas d'escarneio som aquelas que os trobadores fazem querendo dizer mal d'alguém em elas, e dizem-lho per palavras cobertas que hajam dous entendimentos.”



Arte de Trobar

APÉNDICE: INSTRUMENTOS DO MEDIEVO



Salterio



Larúde



Arpa



Pandeíro



Frauta



Chirimia



Rabel



Frauta e Tamboril



Gaita



Pandeíreta



Tarrañolas



Corneta



Cítola